



Caderno de análise
Quinta feira
8 de marzo de 2018
Número 192

SERMOS GALIZA

A FONDO


Stop a todas as desigualdades

As mulleres paramos. Facémolo nunha xornada histórica que coloca Galiza no mapa dos paros internacionais con motivo do 8 de marzo, Día Internacional da Muller Traballadora. Aínda que *Sermos Galiza* ten as lentes lilás postas todo o ano, publicamos este especial que aborda o 8M desde distintas perspectivas, todas elas reivindicativas e contra todas as desigualdades. FOTOS: Galiza Contrainfo.


Marga Corral
Lola Ferreiro
Iria Figueroa
Luz Darriba
Carme Adán
África López
Flavia Carou

FENDA SALARIAL


DE MEDIA...



Nun primeiro momento da crise, destrúese principalmente emprego masculino (construción e industria). En 2015, ao comezar a creación neta de emprego, volve incrementarse a fenda salarial.




A FENDA MEDRA...



Nos servizos persoais e de lecer e nos servizos ás empresas a fenda supera a media.

NOS SERVIZOS SOCIAIS...

62% de ocupación feminina: sanidade, educación e administración pública



Sen incluír o persoal da administración pública a fenda ascendería até o 27%

UNHA MULLER COBRA...

4.513

euros menos ao ano



Infografía: S. Cancela. Fonte: CIG

8 de marzo: mulleres en folga

Se nós paramos, o mundo para

Marga Corral

O 8 de marzo miles de galegas abandonamos as fábricas, as tendas, as oficinas, os hospitais, os centros de ensino, a administración, as instalacións deportivas, os centros de ocio, as aulas, os nosos fogares, demostrando que se nós paramos, o mundo para.

Sen distinción. Sen ter en conta o sector no que traballamos, tanto as que temos empregos remunerados como as que traballamos no noso fogar ou no doutras persoas, as asalariadas por conta allea ou por conta propia, as desempregadas, as mozas, as xubiladas, as migrantes sen papeis, as mulleres cis, as mulleres trans, avoas, fillas e netas, as que vivimos en aldeas, pobos ou nas cidades. Todas estabamos chamadas á folga.

Mulleres de todo o mundo deixando por unhas horas o que estamos a facer, identificando así o espazo baleiro que deixamos, e denunciando ao tempo o importante valor social que desempeñamos nas esferas produtiva e reprodutiva, en demasiados casos invisibilizado, oculto, e non retribuído.

Foron moitos meses organizando a folga de 2018, levando a convocatoria do *Paro Internacional de Mulleres* á meirande parte dos centros de traballo da Galiza. Explicando as razóns polas cales chamabamos as mulleres a que secundasen o paro en cada quenda de traballo, convencidas de que deste xeito facilitabamos que todas as mulleres, con independencia da súa situación laboral, puidesen abandonar os seus postos de traballo nun momento dado da xornada, que saísen xuntas ás portas dos centros de traballo.

Garantindo tamén que puidesen participar activamente nas mobilizacións, con outras compañeiras, familiares e amigas, berrando polos nosos dereitos, contra a inxustiza que supón discriminar a

máis da metade da humanidade polo simple feito de sermos mulleres, pola aplicación de políticas inxustas, do patriarcado arraigado nas institucións e no empresariado, por mor do sistema capitalista que nos oprime.

Culmina así o esforzo de moitos meses nunha convocatoria que mesmo antes de producirse a xornada de folga xa podemos definila como exitosa. Fomos quen de poñer no centro do debate social a problemática que ás veces parece oculta no resto dos días do ano. Conseguiamos que mesmo aquelas mulleres que non identificaban como propias as desigualdades sexan agora quen de facelo; conseguimos que os propios homes cuestionen os comportamentos que dan orixe ás discriminacións, ao acoso, á violencia. Identificamos as consecuencias que para as traballadoras teñen as medidas postas en marcha polos gobernos e pola patronal, desenmascaramos a hipocrisía de moitas empresas, poñemos o foco de atención na necesidade de que os coidados deban ter outro valor social e visibilizamos o importante papel que desempeñamos as mulleres na sociedade, mais que adoita pasar totalmente desapercibido.

Coa mente nas antergas

O 8 de marzo Galiza enteira treme. As rúas énchense de mulleres bravas, diversas, alegres, alporizadas e combativas. Moitas de nós coa mente posta nas antergas, nas revoltas, nos motíns de subsistencia e os tumultos convocados o século pasado na Galiza por mulleres: contra a suba de prezos nos alimentos e produtos básicos, nas labregas enfrontadas aos caciques e á garda civil, nesas mitins e manifestacións de mulleres das clases populares do país que percorreron as rúas galegas, tantas veces esquecidas, e que foron o referente de autoorganización e de loita polos nosos dereitos.

Lembrando as denuncias de Rosalía, plenamente vixentes na actualidade, cando falaba do sexismo, da cousificación das mulleres, do indivi-

dualismo egoísta, da dependencia da Galiza a respecto do Estado, da súa crítica profunda da burguesía como clase social ascendente e do seu arsenal de novas imposicións e dogmas, hoxe asentadas en demasiadas instancias de poder, culpábeis en moitos casos das discriminacións e da precariedade que sufrimos as mulleres da clase traballadora.

Un mercado laboral que privilexia os homes

Porque non esquezamos que o mercado laboral galego segue a ofrecer un trato privilexiado aos homes. Que os empregos máis precarios e con salarios máis baixos correspóndenlle ás mulleres, que o acceso de mulleres a postos de alta responsabilidade segue a ser minoritario, e a meirande

parte dos contratos a tempo parcial subscribísen con mulleres.

Que a pesares de toda a lexislación existente, a discriminación salarial que padecemos é unha realidade xeneralizada en todas as ramas de actividade. Porque nos sectores feminizados, os salarios son máis baixos que aqueles nos que os homes teñen unha presenza maioritaria.

O 8 de marzo saímos á rúa por todas aquelas mulleres que non atopan traballo a xornada completa, e teñen que vivir cos salarios de xornadas parciais, que son preto do 22%, fronte o 6% dos homes. Contratos temporais que chegan a durar menos dunha semana, o cal amosa o nivel de inestabilidade e precariedade das contratacións.

Porque se nos impide conciliar, porque vivimos co medo a ser despedidas cando nos convertemos en nais. Porque somos as que solicitamos excedencias durante anos para coidar de crianzas ou familiares dependentes. E porque sufrimos de xeito maioritario os efectos dos recortes en servizos públicos e na dotación de cadros de persoal que dificultan a atención aos servizos esenciais.

Fartas de conmemoracións hipócritas

Polas 98.300 galegas en situación de desemprego, case a metade das cales levan máis de dous anos nesa situación, e por tanto sen prestacións de

OS EMPREGOS MÁIS PRECARIOS E CON SALARIOS MÁIS BAIXOS CORRESPÓNDENLLES ÁS MULLERES E O ACCESO DE MULLERES A POSTOS DE ALTA RESPONSABILIDADE SEGUE A SER MINORITARIO



“Paramos para lembrar que somos a metade do país, e que a metade nos pertence. Paramos para esixir xustiza”, di Marga Corral.

ningún tipo que lles permitan vivir, saímos ás rúas.

Porque as xubiladas teñen pensións máis cativas ca os homes, e moitas nin tan sequera teñen acceso á contía mínima.

Polas mozas que emigran de Galicia para evitar o desemprego ou non ter que incorporarse aos traballos non cualificados, mal pagados e temporais que lles ofrecen.

Porque sufrimos acoso na rúa, na nosa casa, no lugar de traballo, porque nos agriden, porque nos violan e nos asasinan polo feito de sermos mulleres.

Facemos folga porque para nós as mulleres do mercado formal e informal e da esfera non pagada da reprodución social somos todas traballadoras, porque os traballos de coidados deben estar no centro das políticas.

E en definitiva, porque estamos fartas de conmemoracións hipócritas de quen nos felicita un 8 de marzo, de quen pon en marcha campañas ou aproba protocolos, plans de igualdade, compromisos ou declaracións de intencións baleiras de contido, e ao mesmo tempo ataca de forma frontal os nosos dereitos.

O 8 de marzo demostramos a capacidade e mobilización das galegas. Paramos para lembrar que somos a metade do país, e que a metade nos pertence. Paramos para esixir xustiza. Isto acaba de comezar. O futuro é noso.

Marga Corral Sánchez é a secretaria das Mulleres da CIG.

2018 de Marzo

Día Internacional da Muller

En Cedeira, todas á folga!

Programa de actividades: www.cedeira.gal

Concello de Cedeira

INGRESOS SALARIAIS

Na rama de actividade de menores ingresos, a de servizos persoais e de lecer, foi onde máis medrou a ocupación feminina. Neste caso, as mulleres deste sector cobraron 7.600 euros anuais en 2016 (por baixo do Salario Mínimo Interprofesional [SMI]).

PODER ADQUISITIVO



↓
-9,3%
desde 2009.


SALARIOS

Menos de


1.804

euros ao ano


(Ingresos inferiores á metade do Salario Mínimo Interprofesional)



SOLDOS POR DEBAIXO DO SMI



MULLER



HOME


POBOACIÓN ACTIVA VS OCUPADA



Desde 2008:

+ 10.600
mulleres activas

- 27.500
mulleres ocupadas



Infografía: S. Cancela. Fonte: CIG

Feminismo imprescindible

Lola Ferreiro

O feminismo é a idea radical de que as mulleres somos persoas, dicía Angela Davis. Desde a creación do patriarcado, as mulleres fomos consideradas seres de segunda (ou terceira ou cuarta). Sempre as últimas entre últimos. Sempre as máis oprimidas entre os oprimidos, relegadas en cada un dos procesos revolucionarios que conseguiron mellorar as condicións dos homes ata o punto que fose, e invisibilizado o seu papel activo e fundamental nos mesmos. Invisibilizouse o seu papel nos procesos que cambiaron o rumbo da humanidade, desde o descubrimento do cultivo da terra e das técnicas agrícolas, a xestión sanadora (e sanitaria) nas doenzas e a axuda nos embarazos e nos partos, ata súa (nosa) xestión da vida mesma, como soporte do mundo... e fíxose invisíbel tamén aos nosos propios ollos, para que non valoráramos o noso rol.

Fixoselles asumir a posición de “non persoas”, de seres inferiores con escasa intelixencia e, en tal sentido, reducidas á condición de escravas dos seus amos e señores, asoballadas por unha lóxica perversa e efectiva, que definía Clara Campoamor “ensinóuselle a non confiar en si mesma, e desconfía de todas as demais mulleres. Descoñecérona, e descoñece ela as demais”, facendo así moi difícil que xurdise o feminismo, como movemento promotor da nosa liberación... pero xurdiu... e, se os xermolos do feminismo están na transgresión dos preceptos patriarcales, aínda sen soporte ideolóxico estruturado, podémonos remontar ao terceiro século a.C., con mulleres como Hiparquia e Hipatia, que desenvolveron actividade filosófica e científica e, séculos despois, serían un referente para moitas.

Grazas ao feminismo, conseguimos...

A visibilización das mulleres. Desde Chistine de Pizan, en 1405, coa publicación de *A cidade das mulleres*, e máis adiante, reivindicando os dereitos de

todas, con Olympe de Gouges (1791) *Declaración de Dereitos da Muller e da Cidadá* e Mary Wolstonecraft, (1792), con *Vindicación dos dereitos da muller*, ou Flora Tristán (1848), chamando a incorporar o feminismo ao paradigma revolucionario socialista... Como poderíamos ter acceso a estas achegas, ou coñecer o papel das mulleres ao longo da historia se o feminismo nos as tivese espallado?

Se as mulleres (dalgúns países do mundo) conseguimos acceder ao público, a todos os niveis da educación, a moitas profesións, a votar e sermos votadas e así formar parte dos órganos de decisión legislativa tendo en conta as mulleres, se logramos formar parte do xudicial, abrindo a porta a unha xustiza máis xusta, foi por aquel chamado

movemento sufraxista (feminista). Un voto é unha escaleira de incendios, dicíanlle Alice Paul e Lucy Burns ás obreiras do téxtil, cando espallaban a loita polo recoñecemento do dereito ao sufraxio. Porque votar e ser votadas non é entendido polo feminismo coma un dereito individual, senón coma unha medida política que permite que as mulleres lexislen, executen as leis e mesmo xulguen, tendo en conta os dereitos de todas.

Se conseguimos que se recoñecesen os nosos dereitos reprodutivos, o acceso aos medios anticonceptivos e ao aborto, e estamos no camiño de conseguir o respecto polos nosos dereitos sexuais e o control sobre os nosos corpos e o dereito a decidir sobre eles, é grazas á investigación de profesionais feministas, ás medidas políticas tomadas pola presión do movemento feminista e polas accións reivindicativas das feministas.

Se conseguimos que se desprestixien as formas máis graves de violencia machista e estamos camiño de conseguir que se visibilicen (e desprestixien) o resto; se conseguimos que se introduza o tema na axenda política é grazas ao feminismo.

Se nesta altura dispoñemos de toda unha epistemoloxía feminista, con investigacións sobre o patriarcado desde a súa construción, e sobre os seus efectos en cada un dos aspectos da vida das mulleres, e ofrecemos



alternativas á situación de opresión, é grazas ás feministas e ao feminismo.

Se dispoñemos de referentes sobre a saúde e a sexualidade das mulleres e a atención que debe recibir, e sobre as claves coeducativas para camiñarmos cara á igualdade, e todo isto se está introducindo no eido sanitario e educativo, é grazas á intervención do feminismo e das feministas no político, no sindical e nas profesións vinculadas.

Se estamos comprobando como o feminismo se estende e vai inzando nas distintas culturas, reclamando os dereitos de todas e globalizando a loita, que abrangue a explotación de clase, o ecoloxismo e, en xeral, todos os movementos que pulan pola liberación dos seres humanos, é porque o feminismo, como ideoloxía, como movemento e como alternativa é solidario e ten visión de conxunto. Como di Silvia Federici, “A igualdade é un termo que conxela o feminismo (...) dicir que loitamos só pola igualdade é dicir que queremos a explotación capitalista que sofren tamén os homes”.

O feminismo, perseguido e represaliado, continúa malia todo...

Desde a tortura e o asasinato de Hi-



“A represión nunca parou a loita do feminismo, nin a vai parar. Sempre buscamos o xeito de responder a cada unha das agresións”, salienta Lola Ferreiro.

Pero a represión nunca parou a loita do feminismo, nin a vai parar. Sempre buscamos o xeito de responder a cada unha das agresións e fixémoslo dun xeito unitario. Fomos, somos e seguiremos sendo quen de buscar a unidade para a acción, de construír proclamas aglutinadoras que nos leven a tomar as rúas baixo un mesmo lema e, este ano, o Movemento Feminista Internacional, convocou a todas as mulleres a unha folga xeral o día 8 de marzo. Polos nosos dereitos e contra o patriarcado.

O que (aínda) está pendente...

Quédanos moito e, a cada paso que damos, somos conscientes de que nos queda algo máis. Iremos descubriendo no camiño moitas claves ocultas, tapadas polas grandes cuestións pendentes, mais queda un longo combate polo acceso á alimentación, á educación, á cultura, á saúde, ao emprego de millóns de mulleres en todo o mundo.

E temos por diante a tarefa de des-patriarcalizar (tamén) o feminismo, que naceu no sistema patriarcal e que, por isto, incorporou moitas das súas rutinas. Quédanos un proceso de reflexión individual e colectiva que “depure” estas claves, queda un proceso de “aculturación” feminista, en palabras de Marcela Lagarde. Todo isto como única alternativa a unha revolución pendente que será feminista, ou non será revolución.

Sen dúbida ningunha, o feminismo foi, é e será imprescindible.

Viva o 8 de marzo e a folga xeral!!!

Lola Ferreiro Díaz é doutora en Medicina e profesora no IES Lamas de Abade, en Santiago.

patia, a “caza de bruxas” desenvolvida na Idade Media e no Renacemento, a “execución” de Olympe de Gouges, a represión directa contra as sufraxistas, a esterilización forzada de centos de miles de mulleres en Perú, os experimentos co corpo das indíxenas, os asasinatos de activistas en todo o mundo, os asasinatos e as agresións das mulleres cada día, a mutilación xenital, as lapidacións, as violacións

de milleiros de mulleres e nenas... son formas de represión contra as mulleres en xeral e contra o feminismo en particular, porque ao sistema non lle interesa que avance.

Os intentos de desprestixio dos feminismos, o cuestionamento da posición das mulleres que se rebelan e denuncian, a culpabilización das agredidas, as presións que se exercen sobre nós para “protexernos” dos perigos do

mundo e que, en realidade, pretenden limitar o noso acceso ao público, ás rúas, aos lugares “de homes”... son novas formas de “represión branca” cara as mulleres e cara o feminismo, para pór trabas aos nosos avances, para que sintamos medo e culpa. A omisión de accións e a “pasividade” dos poderes públicos ante todas estas agresións constitúen (tamén) un exercicio de violencia institucional.

O concello de Allariz apoia a folga feminista, apoia as ganas de mudar o mundo!

Apoia as ganas de cambiar o sistema...

Apoia ás mulleres na loita por un mundo mellor...

Apoia a folga feminista ante as desigualdades.

de marzo
**folga
feminista**

CONCELLO DE
Allariz

A folga do 8M no ensino

As reivindicacións das estudantes galegas

Iria Figueroa

A folga do 8 de marzo estrutúrase ao redor de catro eixos fundamentais: folga laboral, de coidados, de consumo e estudantil. As estudantes somos un pilar de grande importancia nesta greve feminista, que é para nós unha oportunidade para esixirmos un ensino en igualdade e tamén para, no proceso de socialización previo que fomos vivindo, sumar forzas e artellar un movemento feminista potente no ensino.

Somos moitas as organizacións e espazos abertos estudantís que traballamos na convocatoria desta folga ao longo de todo o país, e iso reflectiuse nunha variedade e pluralidade enormes e na capacidade de achegarnos a un número amplo de estudantes interesadas en participaren nos debates e na elaboración das reivindicacións do feminismo.

Como aconteceu no conxunto do movemento feminista á hora de formular a folga deste 8 de marzo, esa pluralidade non foi, porén, potenciada tanto como a oportunidade o permitía en prol dunha unidade que enriquecese o conxunto do movemento. Termos

erradicado certas dinámicas desmobilizadoras motivadas por intereses de autorreproducción orgánica teríanos outorgado unha marxe aínda máis ampla para incorporar máis mulleres ao traballo cara a esta folga e, en último termo, á loita que todas compartimos pola nosa emancipación.

Malia isto, o certo é que somos un grupo moi numeroso as estudantes que participamos da organización desta folga e da súa socialización entre as nosas compañeiras, e que as reivindicacións elaboradas e os debates dados constitúen achegas de enorme valor para fortalecer tanto o movemento feminista como o estudantil.

O aspecto non mixto desta folga resulta no eido estudantil unha ocasión para, igual que no resto de ámbitos, amosar que se as mulleres paramos, para o mundo. Percíbese coa nosa ausencia o peso que ten o noso traballo diario e a nosa ampla presenza nas aulas e nos centros de ensino, ademais de visibilizar cuestións como a feminización de certos estudos, principalmente os relacionados cos coidados, fronte á masculinización doutros de carácter máis mecánico. Ademais, a folga do 8 de marzo no ensino permítenos poñer

enriba da mesa unha táboa reivindicativa específica e clara, na que se ten traballado arreo desde múltiples espazos nas últimas semanas. Recoilo aquí, polo completos e ao mesmo tempo esquemáticos que resultan, os puntos que a Asemblea Aberta de Mulleres de Compostela reuniu como os centrais nesta convocatoria de folga:

1. Establecer mecanismos efectivos de prevención e denuncia das violencias machistas.
2. Mellorar a seguridade nos campus para previr casos de agresións e garantir a integridade das rapazas que os frecuentan.
3. Introducir a perspectiva de xénero en todas as materias, ademais dunha materia específica de xénero.
4. Promover a paridade nos órganos de goberno da comunidade educativa.
5. Poñer á venda produtos de hixiene feminina á disposición das estudantes.
6. Facilitar a conciliación laboral e familiar das estudantes.
7. Promover desde o ámbito educativo unha educación afectivo-sexual que atenda á diversidade do alumnado.
8. Rachar co teito de cristal que existe, tamén, na Universidade. Somos

maioría nas aulas pero minoría nas cátedras e no campo da investigación.

9. Analizar de forma crítica a masculinización das carreiras máis mecánicas e a feminización daquelas relacionadas cos coidados.

A estas reivindicacións fundamentalmente centradas no ensino universitario podemos engadir outras elaboradas por “Erguer. Estudantes da Galiza” para o ensino medio –aínda que tamén adaptables ás ensinanzas superiores como o son moitas das medidas reunidas pola Asemblea Aberta de Mulleres de Compostela– como é o estudo en todas as materias daquelas mulleres relegadas pola historia a un segundo plano e desterradas dos nosos libros de texto.

Son todas estas reivindicacións coas que avanzar en común cara ao ensino feminista ao que aspiramos para o noso país e para o mundo, para formarnos seguras e en igualdade e para crear un forte movemento feminista no ensino que aglutine todas as mulleres posibles no camiño que compartimos cara á construción dunha sociedade sen explotación de clase nin patriarcal.

Iria Figueroa Torres é responsábel de Organización de Erguer.



O NOSO CAMIÑO DECIDÍMOLO NÓS!

#NosDecidimos

8 MARZO, DÍA DAS MULLERES



Deputación DA CORUÑA



IGUALDADE DE XÉNERO
DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Área de Benestar social, Educación e Políticas de Igualdade




TEMPORALIDADE

(Cifras en 2017)


Máis do 94% das persoas cun contrato a tempo parcial por ter que coidar de crianzas, persoas maiores ou ter que atender outras responsabilidades familiares son mulleres.

TRABALLO A XORNADA PARCIAL




TEMPORALIDADE

Taxa mínima




NÚMERO DE CONTRATOS

En mulleres con contratos temporais



DURACIÓN

Menos dunha semana



Infografía: S. Cancela. Fonte: CIG

Eu por elas, nai, elas por min

Luz Darriba

As mulleres vimos este 8M falar dunha estafa consumada. Non é nova, xaora; mais coma todos os delitos que se cometen contra unha parte, neste caso a meirande parte da humanidade, non prescriben. Non prescriben porque nós decidimos que non prescriban e non prescriben porque a séculos de loita dos movementos de mulleres, cando teríamos que deixar ben atrás estes anacronismos, os crimes de todo tipo contra a condición feminina seguen a existir (ás veces mesmo con renovado asaño). Esa estafa, antiga e detractora do sentido común consiste en nacer perdendo polo só feito de sermos mulleres. E non é unha afirmación que poida resumirse a un espazo cultural nin xeográfico nin metafórico, é tan ampla coma o mundo. Con máis ou menos índices de desigualdades, que dende logo dependen da sociedade na que se teña a sorte ou a desgraza de dar o primeiro chío.

Mais se botamos unha mirada violeta ao mundo, mesmo lila esvaecido, non atopamos máis que relacións de poder absolutamente desproporcionadas, que garanten dende o minuto cero que o macho da especie goce dunha vida de maiores prebendas e privilexios, máis ou menos lexitimados por leis ou usos e costumes. Contarvos de brechas salariais, baixa incidencia das mulleres (conscientes) nos ámbitos de verdadeiro poder e transformación das sociedades, inseguridade nas rúas e nas cidades fronte as turbas que se cren con dereitos sobre os nosos corpos, corpos a súa vez que son estigmatizados, *cousificados*, impedidos de decidir por eles mesmos, utilizados e aproveitados, como o do coche, até os andares, e asasinaados cando os fillos sans do patriarcado perden a pouca paciencia que nunca tiveron.

A lista é tan longa e aburrida, tan pouco cambiante, e tan penosa, que eu diría emulando ao bolero: que a muller que ao feminismo non se asoma (e non

se mergulle, e non o converta na súa forma de vida) non merece chamarse muller. Por iso doen as declaracións dalgunhas mulleres, sabemos quen son e aquí non sinalamos as irmás aínda que nos xoguen en contra. Por iso doen os cualificativos insultantes e absolutamente inmerecidos. Porén, toda esa reacción de odio, de misoxinia desaforada tamén está falando unha outra propia linguaxe: está a reflectir que andamos. E hoxe por hoxe, somos as únicas que andamos. Non é que iso me satisfaga, xa me gustaría unha sociedade mobilizada contras as inxustizas de cada día, e non en pequenos percorridos por intereses concretos, mais o certo é que nesta época de retroceso de dereitos esenciais, de esgotamento do sistema que se subsume a si mesmo, as poucas respostas coherentes, continuadas, globais e verdadeiramente transformadoras xorden dos movementos planetarios de mulleres.

A cuarta ola do feminismo

Atopámonos fronte ao que as teóricas xa chaman a cuarta ola do feminismo. Unha ola diversa e moi combativa, *empoderada* pola creatividade de tantas mulleres novas, enriquecida coas experiencias vitais das mulleres maduras,

das que coñecemos a vaga dos setenta e botamos ao ar suxeitadores e cousas máis pesadas. Nese clima de sororidade en vea, ao que contribúen notabelmente a existencia das redes sociais e os espazos alternativos non é de estrañar que xurdisen todos os *#MeToo* habidos e por haber. Coma unha consecuencia lóxica de décadas calando por

non termos apoios, nin leis, nin posibilidades. As mulleres artistas creamos no Estado español A Caixa de Pandora, unha ferramenta na que a dor, a rabia, o inconformismo pola estafa das que vos falaba ao principio, se canalizan a través de accións comúns e mensaxes ao futuro.

E así, esta vaga de impertinencia, os feminismos (plurais, diversos, mutantes) seguen, teimudos, petando nas portas dun sistema inxusto até derrubalo. Porque a fin do patriarcado é a fin do capitalismo e a fin do capitalismo é a máxima das utopías (entendo, Dona Ines, que non vos guste). Non importa, o que consigamos tamén vai ser para vós, rapazas que



non vos sentides discriminadas; e para a humanidade, que reclama a berros unha cota adicional *de humanidade*. Así, este 8M, nun movemento de movementos, des-xerarquizado, sen lideresas visíbeis, asembleario, plural, aglutinante (mulleres cis, trans, persoas non binarias, lesbianas, bisexuais, heterosexuais, vellas, novas, negras, louras, gordas ou fracas), con toda a forza da unidade que acaroa ás explotadas, ás estafadas, damos o dó de peito e do que faga falla. Unha folga imprescindíbel convocada por mulleres de máis de 150 países para parar o mundo. Para demostrar que a economía da humanidade repousa sobre os nosos lombos cansos e fartos. Inclúe a todas.



“A fin do patriarcado é a fin do capitalismo e a fin do capitalismo é a máxima das utopías”, afirma Luz Darriba.

Ás que teñen empregos remunerados e ás que traballan na súa casa ou nas doutros, ás que coidan nenos, maiores, ou persoas dependentes, ás das cidades, ás das vilas, ás de todas as orixes, ás de todas as identidades.

Este foi un convite para demostrarmos ao mundo que non pode funcionar sen nosoutras. Que a gobernanza mundial está obrigada a ternos en conta, que ningún presidente pode dicir: *Non nos metamos niso*. Porque estamos todas e todos metidos até os ósos. A do 8M é unha folga de coidados, unha folga do traballo doméstico, do soporte emocional, da orella e vista pendente dos demais sempre. Todas esas actividades que fan que o mundo rule, esas non pagas nin recoñecidas, nin visibéis. Temos que deixar que os homes aprendan sós onde vén quedando o botón do lavalouzas ou que comen os seus fillos e fillas: trátase de facer ver e poñer en valor o noso traballo na sombra. Trátase de subliñar e que se entenda, que nosoutras producimos o 75% da riqueza da Terra e somos donas dun 3% desa riqueza. Hai alguén a quen coa man no corazón (non no peto nin na bragueta) esta folga lle pareza inxustificada? Coordinada pola Comisión 8 de Marzo, que integra a multitude de colectivos feministas, e que leva traballando dende 2017. Promoveuse e organizouse dende abaixo a arriba, a iniciativa da folga naceu nas rúas, nos barrios, nas asembleas abertas. Non foi unha proposta dos sindicatos, senón dos movementos feministas. É unha folga de mulleres, querido compañeiro. Se queres apoiála fai o que normalmente facemos por ti: alumea o mundo.

Luz Darriba é artista multidisciplinar.



HOMENAXE Á MULLER

19h. «Lavadeiras»

A compañía Daboapipa recolle o patrimonio oral do oficio das lavadeiras, músicao, dálle forma e agasallo ao público, nun espectáculo único, de diversión e coñecemento.


**Domingo 11 de marzo
18h, Auditorio Municipal**

POSTOS DE DIRECCIÓN OU XERENCIA

Entre a poboación
ocupada....

9,32%

representación feminina nos
órganos de dirección do IBEX 35



BAIXA POR MATERNIDADE:

no 98% dos casos recae de forma
exclusiva na nai.

EXCEDENCIAS PARA O COIDADADO FAMILIAR:


no 88% dos casos cóllenas as
mulleres.

REDUCIÓNS DE XORNADA POR COIDADADO DE MENORES:

no 73,8% dos casos

PENSIÓNS


FENDA SALARIAL... ascende
nas xubiladas



PENSIÓN MEDIA

655,85 euros


A pensión media
das mulleres
xubiladas
equivale ao
65% da dos
homes.



CIFRAS

10,3 anos máis de traballo

Para acadar 36,5 anos
cotizados
(o esixido
para ter a
pensión
máxima de
xubilación).



Infografía: S. Cancela. Fonte: CIG, UXT

Adicado ao alumnado feminista

Sobre a igualdade no ensino

Carme Adán

En principio este texto tiña que ser un artigo sobre a "Igualdade no ensino". Así foi o encargo. Teño que recoñecer que comecei por actualizar datos, revisar artigos escritos noutros momentos e até algúns traballos antigos e recentes. Coma noutras ocasións atopeime cun asoballante 95% de profesoras en primaria, máis da metade na secundaria e un 40% na Universidade, onde as catedráticas representan un escaso 21%. De novo, a pirámide en función do xénero da educación. Os postos directivos copados por homes en todas as etapas educativas culmina cun insostíbel 13% de reitoras. Tamén os organigramas administrativos da Consellaría de Educación declínanse en masculino.

De feito, se penso na xerarquía no meu traballo a cadea é a seguinte: director, inspector, director xeral e conselleiro, un pouco lonxe da paridade. Ao revisar os libros de texto, de novo a invisibilización das mulleres. Se comezo polo de Filosofía, atopo cero mulleres pensadoras. Nos de 1º da ESO, que revisamos atentamente durante dúas clases, a situación é semellante, co agravante de que moitos reafirman os estereotipos sexistas cando empregan imaxes para ilustrar oficios ou situación cotiás. No patio a situación é coñecida, o centro ocupado por un balón e nenos correndo e na periferia as chicas sentadas charlan.

Perpetúase a segregación segundo o tipo de estudos, no bacharelato tecnolóxico teño seis alumnas e no de artes cinco alumnos; curiosamente as posibilidades que teñen de expoñer no Reina Sofía ou recibir o Premio Nobel de Física, atendendo só ao xénero, son moi semellantes. E que dicir da linguaxe inclusiva sen emitir un bufido de ira... despois de tantos manuais, recomendacións, normativas e cursos a pregunta é: por que tanta resistencia a empregala como ferramenta educativa?

Pensando neste artigo lembrei que hai vinte e seis anos fun á miña primeira charla sobre coeducación. Unha María José Urruzola, entusiasta e magnífica comunicadora, animabamos a traballar a igualdade na escola. Lembro como nos explicaba a pirámide na educación, a invisibilidade das mulleres

nos libros de texto, o reparto desigual do patio escolar ou a importancia de empregar a linguaxe inclusiva. Lembro escoitala emocionada, ler os seus libros e, ao pouco, participar no que sería o meu primeiro proxecto de coeducación. Logo, teño que agradecerella a vida terme permitido participar en moitos máis.

O que temos conseguido

Desde aquela conferencia de Urruzola aprobáronse moitas leis, decretos, ordes e instrucións varias. Empregamos con normalidade conceptos como teitos de cristal, chans pegañentos, fenda salarial, fenda dixital, distribución de espazos, distribución de tempos, segregación formativa, segregación laboral, binarismo asimétrico, pluralidade, diversidade e moitos máis. Temos responsábeis de igualdade nos centros, polo de agora sen redución horaria nin orzamento propio. Temos plans de igualdade nos institutos aínda que seguimos agardando polo da Consellaría. Incluso temos unha materia de igualdade cunha ridícula carga horaria dunha hora semanal nun só curso da ESO.

Tamén temos a forza de moitas mulleres entusiasmadas, legado daquelas pioneiras de hai décadas, que escoitan a diario no seu traballo iso de que "xa hai igualdade", "que nos estamos pasando", "que non é para tanto". Ou que incluso teñen que soportar algún compañeiro co síndrome do "mansplaining" que de forma condescendente comenta "tes que explicarme algo diso da igualdade e o Feminismo". Momento no que respiras e lle pides o enderezo para enviarlle unha biblioteca enteira cunha tarxeta de agasallo que poña "fórmate, é a túa obriga" e seguir o teu camiño.

Sinceramente, non teño moito que dicir sobre "A igualdade no ensino" sen que un "estou farta" acompañe a cada frase. Estou farta porque temos os instrumentos legais para que se efective a igualdade, véxase o capítulo 3 de "Medidas no ámbito educativo" da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero ou a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de

mulleres e homes que adica un amplo artigo 23 ás medidas educativas.

Un alumnado combativo e creativo

Estou farta porque temos análises sobre a situación, materiais educativos, mulleres formadas e... que nos falta? Como conseguimos unha verdadeira escola coeducativa e diversa? Por que as diferentes materias seguen invisibilizando as mulleres ou mantendo a súa presenza como un engadido ao temario oficial? Para cando unha verdadeira transversalidade de xénero epistémica nos contidos educativos? Cando pensamos valorar por igual todas as disciplinas e rachar cos estereotipos de xénero? Por que as Universidades non asumen a perspectiva de xénero na formación do futuro profesorado? Por que o máster do profesorado omite a formación en coeducación, xénero e feminismo? Cando pensamos actuar nos patios escolares ou facer os baños únicos? As preguntas amoréanse na cabeza.

Por fortuna, temos moitas alumnas e alumnos combativxs e creativxs que entenden o feminismo como a mellor ferramenta para revolucionar o mundo. Por isto, quero adicarlle este texto ao meu alumnado de valores de 1º da ESO que voluntariamente sacrificou todos os recreos dunha semana para preparar a presentación "Son Feminista...".

A pesar da inacción da Administración, da desidia de moitos compañeiros e compañeiras ou da presión dunha sociedade machista, na escola hoxe podemos presumir de contribuír todos os días a rachar "co eterno retorno". O feminismo está na escola e só agarda a que se lle recoñeza o lugar que lle corresponde, igual que outros movementos, outras correntes de pensamento ou outras revolucións. Este 8 de marzo as aulas estarán baleiras, polo futuro feminista que desexamos e polo recoñecemento que lles debemos ás que o sementaron.

Carme Adán Villamarín é catedrática de Filosofía e profesora do IES Politécnico de Vigo. Foi Secretaria xeral de Igualdade da Xunta.

“A pesar da inacción da administración, da desidia de moitos compañeiros e compañeiras ou da presión dunha sociedade machista, na escola hoxe podemos presumir de contribuir todos os días a rachar co eterno retorno”, afirma Carme Adán.



8 MARZO

Folga das Mulleres



CONCELLO DE TEO



Figuras inspiradoras

Nomes femininos nos que fixar a mirada

África López Souto

Quen levamos tempo dándolle voltas ao tema de por que os avances en igualdade entre mulleres e homes vai tan a modiño ou mesmo por que assistimos unha e outra vez a dolorosos retrocesos, buscamos propostas que poidan conducirnos cara ao obxectivo compartido dunha sociedade igualitaria en dereitos e oportunidades para as persoas de toda condición. Neste respecto, unha das estratexias é a busca

e posta en valor de referentes femininos en todo o espectro social. De aquí vou partir.

Gústame a moda de recompilacións de biografías de mulleres e de calendarios,

**NECESITAMOS
ESPELLOS EN QUE
MIRARNOS; E
OS REFLEXOS DE
MULLERES ESTIVERON
DURANTE DEMASIADO
TEMPO AGOCHADOS E
MESMO ROTOS**

axendas, xogos e demais que recuperan e amosan a científicas, deportistas e pioneiras en cada parcela do universo social. Son contribucións nada desdeñábeis á recuperación de notábeis figuras humanas inxustamente esquecidas. Por suposto, unhas son máis profundas e elaboradas (Como o *Álbum de mulleres*), outras máis superficiais e divulgativas. Todas, penso, deben ser benvidas. Lastras para construír camiño.

Sábese que a base principal da aprendizaxe humana, ao igual que doutros moitos animais, é a imitación. E aínda que é, ou precisamente por iso, o tipo máis básico de aprendizaxe, non podemos infravalorar os seus efectos. Necesitamos espellos en que mirarnos. E os reflexos de mulleres estiveron durante demasiado tempo agochados e mesmo rotos.

Penso en como o vivín eu. Facendo retrospección -pois xa vou tendo unha idade- lembro pasar, de nena, por unha fase na que me poñía na pel de todos os protagonistas nas moitas historias e relatos de aventuras que lía. Quería ser como eles: aventureira, viaxeira, astrónoma, valente e orixinal exploradora, gran escritora.



Elisa e Marcela (Wikipedia), Juana de Vega (*La Ilustración de Madrid*), Concepción Arenal (Wikipedia) e Simone de Beauvoir (Wikipedia).

Na adolescencia e xuventude acadei unha clara autoconciencia, enfadada e rebelde á par que sorprendida, de que a min non me correspondía a identificación co suxeito "universal" masculino, polo simple feito de que a sociedade me ditaba explicitamente que eu só me podía quedar co acabado en -a. E, por último, foron chegando momentos esperanzados nos que ía descubrindo que houbera outras antes ca min, outras antes que toda a miña xeración.

Aínda agora revivo a miúdo esa sensación de alegría ao toparme con mulleres que se saíron do modelo de perfecta nai ama de casa ao que se axustaban case todas as nais de cando eu era nova (a miña, por sorte, non tanto). Co tempo, fun aprendendo, ademais, a cambiar o enfoque da mirada e fóronseme desvelando mulleres admirábeis, mesmo máis do que me atrevera a soñar. Admirábeis non só por grandes fazañas e pensamentos, senón

**PARA QUE ESTAS FIGURAS
TEÑAN IMPACTO HAN
DE ESTAR PRESENTES; E
ISTO CREO QUE AÍNDA
ESTÁ MOI LONXE DE
CONSEGUIRSE**



Á dereita, grandes e descoñecidas figuras galegas: a farmacéutica Manuela Barreiro (Libro *Manuela Barreiro Pico. Ribadense destacada*), a oceanógrafa Ángeles Alvariño (Naukas) e a descubridora Sabela Barreto (ilustración de Xosé Tomás).



tamén -todo é cuestión de ir cambiando o enfoque da mirada- por ser un pouco distintas no cotián: traballadoras no campo, no mar, nas fábricas, mulleres que ousaron separarse de homes con quen non querían estar aínda cando estivera prohibido por lei, que abortaron e ousaron dicilo, que se uniron a outras mulleres como Elisa e Marcela.

En particular, lembro como maravillosos os tempos de descubrimento de *O segundo sexo* de Simone de Beauvoir e anos despois *A muller do porvir* de Concepción Arenal. O ingrediente de proximidade neste último caso foi un *plus* subxectivamente moi potente. Hai século e medio esta pensadora ferrolá xa estaba a incitar a que as mulleres puidesen traballar en case todos os ámbitos, a soñar cunhas mulleres futuras que foran medidas igual que os homes e que puidesen contribuír a unha sociedade mellor que non deixase de lado a obreiras e obreiros, presas, pobres e feridos de guerra. Arenal pensa, escribe, publica e actúa, soa e con outras mulleres. Juana de Vega foi a súa imprescindible cómplice en boa parte das súas iniciativas sociais. O que tamén fai cavilar no valor pouco realzado das innúmeras amizades entre mulleres, que desmente o lugar común das sempiternas envexas femininas.

África López Souto é doutora en Filosofía e profesora do IES Urbano Lugrís da Coruña.

Mulleres que foron agochadas

A sí pois, por fortuna, ao longo destas últimas décadas vanse destapando nomes femininos nos que fixar a mirada e sobre os que resta moito por escudriñar. Cómpre sacar á luz mulleres que foron agochadas, esquecidas, banalizadas. Pararnos a pensar con elas e sobre elas. Aprender das “galácticas”, pero sobre todo das moitas próximas. Coñecer que existiu unha oceanógrafa como Ángeles Alvariño, a primeira almiranta Sabela Barreto, a primeira farmacéutica galega Manela Barreiro, as primeiras universitarias. A enumeración é longuísima e ha de ser máis. Ampliala é unha forma de construír sororidade, de dar pasos sen ter que ser sempre pioneiras. Tamén seguidoras, seguidores.

Nada do que agora podemos gozar en dereitos foi logrado sen previas e duras loitas. Practicamente sempre das propias mulleres. Contra esquecementos, inercias, prexuízos, moldes endurecidos e aprendizaxes inscristas nos máis

profundos circuitos do cerebro humano, e pode ser que mesmo dos xenes. Por suposto, estes libros ilustrados, premios e rúas, non son suficientes. Por exemplo, e porque o vivo de preto, no ámbito educativo, estas investigacións e recuperacións nin sequera chegan a todos libros de texto, nin se cumpre co preciso esforzo transversal por incluír esta dimensión no currículo; o mesmo que acontece nos xogos das crianzas, na publicidade, etc; non vemos que estean aí tantas mulleres que contribuíron á historia da humanidade. E iso que as leis van indo por diante.

Unha función do modelo é servir de guía. Mais, para que estas figuras teñan impacto han de estar presentes; e isto creo que aínda está moi lonxe de conseguirse. As recompilacións, tan necesarias, non chegan a impregnar a sociedade na que vive a xente nova, a do “porvir”. Teño a molesta sensación de que só chegan aos individuos previamente sensibilizados. Como conseguir

tocar as persoas instaladas no establecido? Como lograr que as mulleres vaian tendo máis tempo e enerxías (e menos medos) para dedicarse ao “grande”, ao público, ao tradicionalmente asignado ao ámbito masculino? Como lograr o aínda máis difícil, que os homes vaian destinando enerxías e tempos ao máis pequeno, ao doméstico, ao coidado, ao íntimo, ao emocional? Ás veces semella que busquemos a cuadratura do círculo. Como ser quen de lograr grandes transformacións a partir de cambios posibles ou alcanzábeis? Onde poden estar eses cambios-clave que como nunha cinta de Moebius, só trastornando a colocación dos extremos, en lugar de obter un círculo, producimos unha figura completamente nova con infinitas posibilidades?

Precisamos unha e mil revolucións copernicanas para seren recoñecidas e visíbeis nun futuro aínda non escrito. “Pensar doutra maneira”, que diría Foucault. **A. L. S.**



8 Marzo - Folga Internacional de Mulleres

Xoves ás 12:30h
Concentración na Praza de Castelao

Imaxe feita polo alumnado da Escola do Cruceiro do CRA de Rianxo.

Rianxo

O clamor do 4M

F. Carou

Vigo converteuse no epicentro das reivindicacións do movemento feminista galego o domingo 4 de marzo, día en que tivo lugar a mobilización nacional baixo o lema “Para transformar a vida das mulleres. Folga de coidados, laboral, de consumo”. Co estrondo de tambores vestidos de lilá comezaba a manifestación multitudinaria, na que se corearon lemas como “A revolución será feminista ou non será” ou “Abaixo o patriarcado capitalista e colonial”, no cruzamento entre Vía Norte con Urzáiz para concluír duras horas após na praza do Berbés.

Para as convocantes, Galegas8M, a manifestación resultou “un punto de inflexión nos feminismos galegos”, un “movemento imparábel” co que “construír un futuro de dignidade para todas”. O manifesto que se leu ao rematar a

**FENDA SALARIAL,
TEITO DE CRISTAL
OU VIOLENCIA
MACHISTA FORON
DENUNCIAS DA
MOBILIZACIÓN**

mobilización denunciou a fenda salarial, o teito de cristal, a explotación sexual, a violencia machista, a división do traballo por xéneros ou o privilexio dos homes. “Para que as nosas vidas se coloquen no centro da axenda e das prioridades, porque só así seremos quen de construír un mundo, unha Galiza e unhas vidas xustas, igualitarias e libres”, salientaron.

Ademais dos principais sindicatos, as forzas políticas da oposición participaron na mobilización de Vigo. Ana Seijas, responsábel de feminismos de En Marea, denunciou, acompañada do portavoz Luís Villares, a desigualdade de xénero e esixiu políticas de Estado ao respecto. Gonzalo Caballero, secretario xeral do PSdeG, emprazou o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, a se “sumar ao paro” do 8M, mentres que Ana Pontón, portavoz nacional do BNG, lembrou que as mulleres cobran 4.000 euros menos ao ano por faceren o mesmo traballo que os homes, “cómpre poñermos en marcha unha lei pola igualdade salarial”, declaraba ante os medios.

Foi a de Vigo unha demostración de forza das mulleres galegas que adiantaba o éxito da greve do 8 de marzo.

F. Carou é xornalista.





Imaxes da manifestación feminista que percorreu as rúas de Vigo o 4 de marzo de 2018. Unha mobilización multitudinaria que partiu de Vía Norte para concluír no Berbés.



Nin vítimas,
nin pasivas
Somos mulleres
combativas!

Feminismo
para avanzar!
Por un Ribadeo
en igualdade

CREA 8 DE MARZO CINEMA 2018

TEATRO PRINCIPAL DE PONTEVEDRA
20:30 h • VOSE

CONCELLARÍA DE IGUALDADE
CINECLUBE PONTEVEDRA



Luns 5 **VISIÓNS**
Varias autoras, 2016
Pontevedra, 70'

Luns 12 **ALANIS**
Anahí Berneri, 2017
Arxentina, 82'

Xoves 22 **TONI ERDMANN**
Maren Ade, 2016
Alemaña, 162'

Luns 26 **A CICATRIZ BRANCA**
Margarita Ledo, 2012
Galicia/Arxentina, 92'

